



Solicitante: Servizo de Contratación

Asunto: informe sobre a xustificación da baixa temeraria da empresa SERGONSA SERVICIOS SL na licitación da obra do campo de fútbol de Campaño.

INFORME

Recíbese dilixencia do Servizo de Contratación para a realización dun informe sobre a presentación pola empresa SERGONSA SERVICIOS SL de documentación xustificativa tras atoparse a súa oferta en valores desproporcionados ou anormais.

O importe da licitación do campo de fútbol de Campaño é de 999.437,36 € e a oferta da empresa SERGONSA SERVICIOS SL é de 809.417,40 €. Ademais comprometeuse a realizar a mellora 3 de equipamento deportivo (estimada polo Concello en 33.795,3 €) e a mellora 4 na instalación deportiva (estimada polo Concello en 26.338 €).

Para acadar ese importe, dita empresa cifra en 628.948,87 € os custes directos. Dita cantidade non é explicada por ningún medio. Non incorpora ningún presuposto alternativo, nin acompaña descomposición de prezos de ningunha clase das unidades de obra, nin achega ningunha carta de compromiso de subministradores e subcontratistas. Tampouco fai alusión as dúas melloras que se compromete a realizar.

Practicamente a totalidade do contido do documento aportado é unha listaxe das obras realizadas e en curso pola empresa, xunto coa súa clasificación e cadro de persoal.

Xa que logo resulta de todo punto rexeitable a documentación aportada por canto non contén ningunha xustificación para acadar ese resultado e polo tanto infórmase negativamente por quen subscribe o que se eleva á mesa de contratación para que proceda como estime oportuno.

